

## A PRESENZA DO RELIXIOSO EN CARLOS CASARES

Andrés Torres Queiruga  
Real Academia Galega

**Resumo:** O tema relixioso en Casares ten unha traxectoria complexa, na que convén distinguir o transcurso biográfico, por unha parte, e as manifestacións da súa vivencia, por outra. Nesta segunda, á súa vez, aténdese primeiro ao que se manifesta de maneira expresa na obra, para buscar despois o seu significado como signo e síntoma da peculiar presenza do relixioso no tempo dunha xeración importante na nosa cultura máis recente.

**Abstract:** The theme of religion in Carlos Casares has a complex trajectory, in which one should distinguish between the biographical course on the one hand, and the manifestations of its living experience on the other. As to the latter, attention is first paid to those explicit manifestations found in his work, and secondly to its meaning as a sign and indication of the peculiar presence of religion in the time of a generation so important to our modern Galician culture.

**Palabras chave:** Carlos Casares, secularización e crise relixiosa, a imaxe de Deus, igrexa e relixión en Galicia, Vaticano II, literatura e relixión, marxismo e cristianismo.

**Key words:** Carlos Casares, Secularization and religious crisis, Image of God, Church and religion in Galicia, Second Vatican Council, Literature and religion, Marxism and Christianity.

Falar da relixión dunha persoa ten sempre algo de aventurado. Toca zonas moi íntimas e decisións radicais que non sempre amosan o seu rostro na superficie. Tratándose dunha subxectividade tan rica como a de Carlos Casares, esixiría unha ampla dedicación ao estudo da súa obra e, de seguro, ampliar o raio no alcance da investigación ao circo das súas relacións dentro e fóra de Galicia.

Aquí deberei contentarme cunhas pinceladas moi elementais, que axuden a perfilar un rascuño desta dimensión dun amigo, non só querido e admirado, senón tamén estritamente coetáneo e non sen certos paralelismos importantes. Por mor da claridade, distinguirei tres achegamentos distintos, á busca dunha confluencia

iluminadora. O primeiro consistirá nuns acenos acerca da xestación e contexto biográfico da súa vivencia relixiosa. O segundo atenderá ás manifestacións expresas do mesmo Carlos acerca dela. E o terceiro intentará captar o seu significado en certo modo xeracional, no tempo e cultura da nosa Galicia.

## 1.

O *percurso biográfico* de Carlos é, sen dúbida, o máis coñecido; e co gallo da celebración das Letras foi obxecto de importantes e sensibles biografías á espera da que seguramente algún día será emprendida por alguén, xa con máis distancia e perspectiva histórica. Dende logo, cómpre notar que neste sentido a súa andaina vital foi dalgún modo excepcional. Naceu nunha familia relixiosa, non só polo ambiente xeral de entón, senón tamén pola clara presenza de persoas especialmente significadas, como o seu tío párroco en Beiro e o seu parente arcebispo en Cuba; algo que el rememora con gusto en repetidas ocasións. Pasou tamén seis anos polo Seminario, onde non todo foi positivo, pero que deixou nel unha marca fonda, que mesmo transcendeu do relixioso ao literario<sup>1</sup>.

Tivo moita importancia a etapa xuvenil, cando Carlos entra en contacto coa relixión dun modo intenso, xa máis persoal e conscientemente asumido. En dúas ocasións, entrevistado por María Luísa Brey, repite algo moi significativo: “Cando cheguei a estudar a Santiago había dúas cousas que tiña moi claras: ser licenciado en Románicas e teólogo por libre”. E a continuación ofrece un panorama de lector teolóxico que xa quixera eu para moitos sacerdotes (cousa que, por certo, non deixa de notar el mesmo):

Alá polos anos sesenta fun un devorador de literatura teolóxica. Xa cando estudiaba bacharelato me subscribín a *Informations Catholiques Internationales*. Fun tamén un temperán seareiro da revista *El Ciervo*. [...]

Lía todo o que publicaba Patmos, os libros de Guardini. Von Balthasar gustábame moito, así como *Literatura do século XX e cristianismo*, de Charles Moeller. Lin a Laín, a Rahner, a Congar, a De Lubac, a Lili Álvarez. Con Aranguren – ó que admirei tamén moito– estiven detido unhas horas en Santiago de Compostela (Brey 1998: 42).

Que iso non ficaba nun simple activismo, senón que se ancoraba íntimo na vivencia, revélao un dato curioso:

1 Sobre este tempo, cf. Calvo 2003: 27-37.

Eu recordo, alá polo principio dos anos sesenta, que descubriera un libro dun escritor francés que se chamaba *Prières*<sup>2</sup> (é dicir, *Oracións*), e que me gustou tanto, que me decidín a traducilo ó galego (Casares 2002: 42-43).

Foi, de certo, unha etapa da que seguramente quedan datos importantes na memoria dos amigos. Noticias de entón acabarán seguramente iluminando aspectos non ben coñecidos<sup>3</sup>. Móstrano ben, por exemplo, algúns artigos recentes de Xavier Carro (2017), que, tanto polo trato íntimo e familiar como pola súa sensibilidade exquisita, abren fiestras sobre datos ignorados ou non ben atendidos. Entre outras cousas recorda que Carlos “[s]empre mostrou a súa grande admiración e entusiasmo pola Comunidade cristiá de Taizé. Foi el quen me falou por primeira vez da súa existencia, da que eu non tiña nin idea” (2017: 40). E chama tamén a atención sobre a conmovedora “Carta aberta a Dios” (*La Región*, 5 maio de 1968), escrita aínda en castelán na serie “Con esta lupa”, ilustrada por Siro. Nela faláballe a Deus dos problemas do mundo, invitándoo a que veña para os arranxar. Ao final, co seu xa fino humor, acaba retirando o convite: “será mellor que non veñas, porque, se vés, vaste poñer do lado dos pobres e, ao peor, mántante a ti tamén”.

Neste sentido, Casares tivo a sorte –impagable para os que vivimos aquel acontecemento como algo propio– de vivir intensamente a eclosión entusiasta do Vaticano II, cun claro entusiasmo por Xoán XXIII e, noutro sentido, por Paulo VI. Nese tempo, en paralelo co descubrimento do marxismo, foi tamén o entusiasmo polas correntes dun cristianismo aberto no cultural e comprometido no social: aperturismo católico e radicalismo comunista chegaron a ser moi intensos na súa vivencia. Son ben coñecidos o revitalizador encontro co sacerdote catalán Antoni Totosaus e a ilusión que lle fixo a casual coñecenza con Mons. Garrone, bispo francés do Concilio. Supuxo un intenso momento de transición. Interesa subliñar como el mesmo expresa o resultado:

Agora xa non é o mesmo, respecto a todo tipo de entusiasmos. Pero aquelas lecturas e preocupacións marcaron a miña personalidade dun xeito definitivo, pois eu estaba absolutamente imbuído pola idea de Deus e a súa problemática (Brey 1998: 43).

2 O libro é de Michel Quoist.

3 H. Monteagudo (2017: 45-81) fai un acertado encadramento xeral; para unha análise detallada, cf. R. Gurriarán (2017).

Foi, como se ve, a construción dunha base biográfica, que ía quedar máis ben soterrada, pero á que el mesmo atribúe un carácter de carimbo definitivo: “toda a miña formación é cristiá e o meu pensamento tamén o é aínda hoxe”, dirá aínda algo máis tarde (Pérez 1994: 309).

Na saída desta tempestade espiritual influíu moito a toma de contacto e progresiva amizade con Ramón Piñeiro. Tivo o seu interregno conflitivo, sobre todo acerca das relacións entre cristianismo e marxismo; pero a partir de aí abriuse unha longa etapa na que o entusiasmo ou, digamos, a ocupación e preocupación explícita co relixioso, entrou nun período de silencio cara ao interior e de afastamento externo, pacífico e cada vez máis claro, cara á institución eclesiástica.

Así e todo, convén sinalar unha reviviscencia, xa non pública, senón íntima e calada, cando a enfermidade final de Piñeiro xerou entre eles conversas moi íntimas a propósito da fe en Deus e da preocupación pola pervivencia eterna do ser humano. Por certo, que é moi significativo –e penso que moi realista– o que conta a este propósito:

dende o punto de vista racional non lograba entender certas cousas, pero a vivencia, en cambio, era a dun crente extraordinario. “O día que eu morra hai unha parte miña que seguirá vivindo. Ten que haber algo”, repetía (Brey 1998: 52).

Eu, que sempre admirei a intelixencia extraordinaria de Carlos, non sei a onde iría dar o seu proceso reflexivo neste horizonte de transcendencia, se a morte non “levantase tan temperán o voo”. Morreu en plena madurez, e a resposta última queda para sempre no fondal misterioso onde unhas veces apousan silentes e outras se moven inqueda as grandes opcións que definen o sentido da propia vida.

## 2.

Aquí o que nos toca é ollar, con empatía e respecto –acaso tamén cunha certa saudade de conversas posibles– para as *manifestacións que o mesmo Carlos foi deixando* como marcos ou sementes ao longo da súa obra. Estou seguro de que, para unha análise demorada, resta aínda moito por explorar, non só atendendo ás confidencias máis explícitas, senón tamén aos acenos presentes nas reflexións ensaísticas; sen esquecer todo o que se transloce entre os avatares e os simbolismos da creación literaria. Sería, de certo, ilustrativa unha análise nesta perspectiva do rico mostrario de sentimentos, vivencias e emocións, non raras veces dun certo

espírito franciscano e de apertura transcendente, que van aparecendo na longa lista de “Á marxe”<sup>4</sup>.

De todos modos, mesmo sen emprender esa navegación, axiña aparecen máis datos e confidencias de canto a primeira vista cabería esperar. Ata o punto de que teño a impresión de que non será doado atopar algo paralelo en ningún autor do mundo das nosas letras.

Para o modesto propósito desta nota, centrareime nas manifestacións que considero máis explícitas e significativas. Son as que aparecen nas dúas excelentes entrevistas que, con distancia de 17 anos (1981, na revista *Vida Nueva*, e 1998, no libro *O intelectual galego e Deus*), lle fixo María Luísa Brey. En segundo lugar, as que tiveron a sorte preciosa de que escribise no prólogo ao meu libro *Recupera-la creación* (1996). Ambas fontes teñen especial importancia, tanto polo amplas e explícitas, como polo feito de que a coincidencia nalgúns temas, ás veces practicamente literal, indica que se trata de confidencias moi arraigadas e sentidas. Espero, por exemplo, non ser indiscreto contando que, unha vez que redactara e me enviara o prólogo ao meu libro, tivo un momento de o querer retirar. Non me custou convencelo de que non o fixese, pois comprendín claramente que se debía a un certo pudor de expor tan á luz conviccións moi entrañables. De feito, despois retomouno como o derradeiro dos ensaios do libro *Un país de palabras*, co título “Un amigo descobre a Deus” (1998: 195-199).

Antes de entrar nesas evocacións, non sobra debuxar o marco onde todo isto se inscribe. Teño a impresión, salvo o parecer de máis documentados coñecedores, de que *Xoguetes para un tempo prohibido* (1975) e *Ilustrísima* (1980) marcan o perímetro da pertenza íntima e do distanciamento externo. O primeiro libro obedeceu a un, máis ben abrupto, facer contas co moralismo asfixiante da súa formación adolescente. Del dirá máis tarde que supuxo “unha etapa na que o relixioso, para min, chegou a ser torturante, a producirme angustia, e dixen: imos deixar todo isto por unha tempada” (Brey 1981: 26). O segundo –que por certo nunha lectura actual gañou no meu aprezo moi finos e altos quilates– representou a crítica do dogmatismo relixioso, aínda que ben balanceado coa figura entrañable do bispo protagonista, que acaba derrotado... en aparencia. Despois a crítica deriva máis directamente cara á violencia social e a ideoloxización política: *Os mortos daquel verán* (1987) e *Deus sentado nun sillón azul* (1986). *O sol do verán* (2002) iniciaba novos rumbos, e non é imposible pensar que poderían anunciar augas máis profundas na reflexión existencial e mesmo relixiosa.

4 Debo esta observación a Dolores Vilavedra, que dixo que tal vez cabería falar dunha “oración laica”; observación coa que, no mesmo coloquio, concordou Luís Álvarez Pousa, ambos íntimos coñecedores de Carlos.

Veñamos, logo, ás *revelacións expresas*, nas que Casares ofrece unha visión reflexiva do seu mundo relixioso.

## 2.1

Empezando polas entrevistas con María Luísa Brey, a primeira de 1981, xira en torno a *Ilustrísima*, acabada de saír. A derrota do protagonista dálle pé para mostrarse pesimista, mesmo “moi pesimista”. Aínda que indica que non se sente torturado, confésase fundamentalmente desenganado, nun panorama histórico sen posible arranxo. Segundo el non hai saída: progresista ou conservador, “[u]n sistema devora a un tipo de xente, e outro sistema devora a outro tipo”, Hitler pódese repetir calquera día, e as ditaduras, sexan de esquerdas ou de dereitas, son todas parecidas, Castro parecido a Batista.

No terreo máis íntimo, o apoio indirecto na figura do bispo, permítelle a el mostrarse de xeito máis directo acerca das propias vivencias. Estas aparecen marcadas a lume pola superación do moralismo agobiante, aínda que paliadas e adoçadas pola experiencia liberadora do perdón. Ante a pregunta da entrevistadora, recordándolle a entrevista anterior, a identificación co bispo propicia una sinceridade tan intensa, que, case parecería indiscreto traela, se el mesmo non a confirmase, volvendo sobre ela na segunda entrevista: “Si, si; esa foi unha das miñas grandes vivencias” (Brey 1998: 44). O texto da primeira era este:

Toda la experiencia religiosa del obispo es un traslado de mis propias experiencias personales. Esa sensación íntima de satisfacción y de alegría que da la confesión, el sentirse perdonado, yo la viví personalmente. Por eso, a la hora de enfrentar al obispo con lo que yo llamo el misterio del perdón, le hago eco de mis propias vivencias. Esa experiencia única de arrodillarse, confesarse, etc., me dejó siempre una sensación de lo más estupendo, una paz y alegría únicas. Yo llegué a sentir euforia después de la confesión, llegué a sentirme realmente pleno.

En canto ao talante xeral, no texto de 1998, en repetida alusión á primeira, aparece máis moderado. O pesimismo trócase por unha resignación que quere ser serena. A entrevistadora tematízao nun apartado con título expresivo: “O encontro cun Deus ‘tranquilo’”. Casares recoñece a diferenza:

Si, si, entón era radicalmente pesimista. Pero sucede que por aquelas épocas, tal vez un pouco antes, eu vivía grandes esperanzas e utopías. Pouco a pouco, sen embargo, fun caendo na conta de que eran irrealizables. Iso fíxome pasar unha etapa de enorme pesimismo. Porque pensaba: ou realízase a utopía, ou

todo é un desastre. E agora doume conta de que non, de que hai que agardar. E agardar cousas razoables, que a xente sexa razoable (Brey 1998: 45).

## 2.2.

O prólogo a *Recupera-la creación* entra directamente no mundo das ideas en contacto cunha teoloxía distinta, expresa e decididamente posconciliar. Todo indica que Carlos se atopa de súpeto cunha imaxe de Deus e do relixioso en xeral, na que encontraba desde fóra o retrato do que el buscaba e presentía por dentro:

Confeso que, polo que sei e polo que supoño, se este libro o puideran ler moitas persoas coma min cando tiñamos dezaseis ou dezasete anos, a nosa vida sería diferente.

Afirmación que fai contrapunto ás palabras iniciais, que marcaban o punto onde a barca da fe empezara a cortar as amarras co peirao eclesial:

Para quen fomos educados nunha idea rigorista da relixión, na que a vida profana non era nin debía ser máis que un val de lágrimas que cumpría atravesar con atención e sumo coidado, non tanto para merecer a gloria como para evitar ir de cabeza ó inferno, vixiados sempre polo ollo terrible dun Deus máis xusto que bondadoso...

Non hai indicios de que nese momento Carlos tivese na cabeza as palabras nas que Sartre expresara unha experiencia parecida:

Eu pretendía a relixión, esperábaa, era o remedio... Pero, máis tarde, no Deus de moda que se me ensinou, non recoñecín a Aquel que ansiaba a miña alma. Facíame falla un Creador e dábanme un gran Xefe. Ambos non eran máis que un mesmo; pero eu ignorábao e acatei sen calor ningún o ídolo farisaico, á vez que a doutrina oficial me quitaba todo desexo de buscar a miña propia fe (1964: 78-79).

Casares, consonte ao seu talante, non é tan drástico, pero tampouco é menos lúcido. Por iso, agora sería o momento de entrar nos temas concretos. Vainos debullando cunha comprensión tan “empática” e, digamos, tan interna, que, con toda evidencia, saen do fondo máis fondo do seu ser. Na súa análise, malia a escaseza do espazo, percorre os principais problemas que hoxe asedian unha visión coherente da fe. El mesmo escribe nun apertado parágrafo una síntese que vai

explicando despois, co esa clareza inimitable que calquera glosa turbaría. Mellor ler as súas propias palabras:

O Deus que este libro axuda a descubrir é un Deus digno do home: máis bo ca el, non máis malo; máis intelixente, non menos; máis xusto, non tan arbitrario; máis maduro, non tan infantil. Crer nel non supón, polo tanto, ningunha extravagancia. Non é o Deus que cambia as leis da natureza ó seu antollo e segundo a súa conveniencia, nin o que desoe as súplicas dos seus filias, aínda que estas sexan xustas, como acabar coa fame ou coa guerra, comportándose así dunha maneira como non se comportarían moitas persoas, nin sequera as menos inclinadas á misericordia.

Non esaxero se afirmo que, na súa brevidade e falta de pretensións, neste prólogo de amigo, Carlos Casares fixo un dos diagnósticos máis lúcidos e certos da crise de fe pola que, no campo teórico, pasaron e pasan moitas persoas dentro da cultura actual. Era demasiado profundo como para ocultar o drama que esa perda pode supor:

Botar a Deus do propio corazón por sentirse incompatible con El é unha decisión dura, que non se toma sen consecuencias, o mesmo que sucede cando alguén decide que non caben debaixo do mesmo teito el e a persoa coa cal convive.

Cara ao final di algo, que corre coma un río de saudade por debaixo de todo o discurso:

Desde logo, este é o Deus no que a moitos nos gustaría crer nos anos tormentosos da adolescencia e no que podemos crer de novo cantos vemos xa non moi alonxado no horizonte o mar sereno da vellez.

E xa preto do remate fai unha afirmación que lle agradecín de corazón, porque nela recoñezo mellor retrato dunha das miñas conviccións máis firmes: “Un decátase de súpeto de que Deus tiña que ser así e non podía ser de outra maneira”.

### 3.

Pero, deixando xa esta rápida evocación do prólogo, é preciso abordar, aínda que sexa de maneira moi breve, o terceiro dos achegamentos anunciados ao comezo: captar *o que de significativo e sintomático pode ter para nós a postura de Carlos*. Porque é obvio que o seu caso non é casual nin a súa postura, unha excepción



absoluta. En perspectiva histórica de onda longa, encádrase nas relacións entre a tradición cristiá e o proceso moderno da secularización. Pero xa se comprende que aquí estaría fóra de lugar unha consideración dese alcance, á que, por exemplo, o canadiano Charles Taylor consagrou non hai moito unha cumprida monografía, *A Secular Age* (2007), de case novecentas páxinas (hai tradución castelá).

Prefiro limitarme ao noso momento, cun ollo posto aquí en Galicia e co outro, máis en concreto aínda, nesa precisa xeración que, nacida despois da guerra, está –estamos– entregando o facho á seguinte ou, xa, ás seguintes. Unha xeración que ten en conxunto peculiaridades bastante propias. Educada no mundo relixioso do franquismo, viviu unha época de forte nacionalcatolicismo, por fortuna quebrada co entusiasmo ilusionado que no ámbito secular provocou a revolución do 68 e no relixioso, o Vaticano II. Sucedeu logo un claro desinflamento nos dous ámbitos. No relixioso, debeuse sobre todo ao restauracionismo posconciliar, e, por fortuna, hoxe está vivindo una “esperanza inesperada” coa aparición do papa Francisco, aínda que esta última xa non a puido vivir Carlos.

De todos modos, o tempo que el atravesou fai que a súa andaina resulte moi iluminadora para comprender a situación actual. Esquemmatizando, diría que Carlos se sitúa con claridade entre dous extremos. O daqueles aos que o proceso lles tronzou a traxectoria relixiosa, ata o abandono, porque xa non esperan nada do cristianismo ou mesmo o ven como un factor alienante. E o daqueles que, capeando un duro temporal, manteñen a continuidade crente, nun cristianismo crítico e profundamente renovado, sen renunciaren á esperanza na fecundidade dos valores evanxélicos.

Se creo que o caso de Carlos resulta dalgún xeito central e paradigmático, é xustamente porque non se entregou de cheo a ningún dos extremos. Que houbo para el quebra na continuidade resulta innegable e ademais recoñeceuno de maneira expresa. Pero non o é menos que por debaixo desa quebra corre o que chamei un río de saudade, é dicir, o sentimento dunha ausencia moi presente, como dunha espera que, ameazada polas ondas da dúbida, parece máis dunha vez ecoar o leixaprén dos cancioneros: “eu atendendo o meu amigo”.

Os datos dos que fixen mención parecen non deixar lugar a dúbidas. Ao tempo que hai unha confesada dor pola perda, que pode parecer irreparable, existe unha fonda corrente de presenza, sentida, presentida ou re-sentida. Vimos como a nivel *teórico* hai nas súas manifestacións un recoñecemento de que iso que di a fe é tamén o que lle seguen a dicir o seu corazón e a súa intelixencia. E tamén, que encontra un íntimo eco a nivel práctico ou *existencial*, isto é, nese fondo que Maurice Blondel chamaba o “implícito vivido” (*l'implicite vécu*), sempre máis rico e entrañable có “explícito coñecido” (*l'explicite connu*). Hai dúas anécdotas que

resultan conmovedoras polo que denotan, e que teñen forza de *epifanías* joyceanas polo que iluminan. Chegáronme de persoas amigas como testemuñas directas.

A primeira vén de Xavier Carro e cóntoa coas súas palabras, aínda que informa que o mesmo Carlos a puxo por escrito:

Era noite pecha e ía no coche de regreso á casa. Viña de dar unha charla e fixéraselle moi tarde. Entre a profunda escuridade da noite, a monotonía da viaxe e as luces apenas furando un anaco de estrada, nunha paisaxe acochada na negrura; e el, só na noite, albiscou unha xanela dunha imprecisa construción. Era unha igrexa e a través dunha pequena vidreira descubriu unha luciña vermella iluminando a tebras escuras daquelas horas. E sentiu que non estaba só, que Alguén o acompañaba (Carro 2017: 51)<sup>5</sup>.

A outra contouma Camiño Noia. Foi na mañá que seguiu á noite na cadea, cando o famoso episodio policial coa visita de Aranguren. Camiño soubo que o liberarían á mañá e, como vivía preto do cárcere, foino esperar á porta. Carlos, profundamente afectado, pediulle que o acompañase á igrexa das Orfas. Alí, como se sabe, hai exposición eucarística permanente, e Carlos permaneceu ante o altar un bo rato, en recollido silencio.

Ben sei que, ante este tipo de episodios, onde a angustia se abre en abismo, cómpre manter un moi delicado respecto na interpretación. Pero é significativo que o propio Carlos, sempre tan consciente nas súas actitudes, alude máis dunha vez a este tipo de reacción e, recoñecendo a posible ambigüidade, interpreta el mesmo o significado. Á pregunta da entrevistadora: “¿Tivo algunha experiencia de Deus, na súa vida?”, responde:

Si, nalgúns intres. E nos intres duros, dende logo, sempre a miña referencia é esa. É dicir, nos intres difíciles necesito a Deus, e vou a El, e recorro a El. E non me refiro a iso de se lembrar de santa Bárbara cando trona, non; trátase dunha necesidade doutro tipo. Non por razóns egoístas de pedir axuda, ou algo así, senón que é unha referencia necesaria; algo xa moi entrañado e imprescindible. Vivencias fortes tívenas, repito, cando era mozo (Brey 1998: 55).

5 Non o podo asegurar, pero atévome a pensar que Carlos, lector confesado de Charles Moeller, evocaría unha escena paralela na novela de Joseph Malègue, *Augustin ou le Maître est là*, toda ela dedicada ao tema dunha aguda crise de fe e a súa superación. Nela tamén hai unha capela no medio dun bosque, que o protagonista recorda así: “Esta capela estaba en extremo solitaria. Parecía *unha soidade encerrada no recinto doutra soidade*, un trozo de silencio denso e máis profundo, nacido do fondo mutismo das árbores. Afastada dos homes por leguas de áspera paisaxe foresta, intimidaba coma unha persoa maior excesivamente grave, perdida en impenetrables recollementos”. Pode verse o fino comentario de Moeller (1961: 270-272).

Tras un percorrido do seu proceso, mesmo que sexa tan sumario, un ten a impresión dunha situación expectante, non totalmente decidida. Nel, tal vez ficou así non tanto por un conflito entre a razón e o corazón, que tamén pode asomar, senón dun conflito vital entre o ideal e a realización concreta, por un lado, e entre o espírito do Evanxeo e a institución relixiosa, por outro. Non estou seguro da plena xusteza, pero acudindo á categoría que Kolakowski usou referíndose ao comezo da crise moderna, penso que Carlos ben puido sentirse coma “un cristián sen igrexa”. Non parece estar completamente seguro de se a deixou para sempre ou se conserva aínda para el a calor dun fogar ao que sería posible volver. No último extremo da súa busca, igual que sucede para tantos que algunha vez o coñeceron, aparece Xesús de Nazaré coma un faro que – aquén ou alén das definicións dogmáticas– continúa a marcar o rumbo:

O que me interesa da figura de Xesús é a súa predicación global, a súa seriedade e coherencia; a súa enorme calidade humana. E diga o que El diga –se é Deus, se non o é–, eu créolle. Viviu e morreu como un home admirable, reivindicando ademais a dignidade do corpo humano<sup>6</sup>. El non quería morrer e así o dixo. No Horto e na Cruz (Brey 1998: 58).

En todo caso, quedando xa con nostalxia e respecto á porta do seu misterio íntimo, o certo é que a súa postura de madurez preséntase sen inxenuidades hipercríticas nin dogmatismos demasiado seguros. E acaso esa sexa a mellor lección para un tempo onde o compás do sentido ten tola a súa agulla; e onde, polo mesmo, todo parece urxir a necesidade de renunciar aos anatemas, para buscar pontes de diálogo e colaboración, na procura fraternal dun futuro algo mellor para a humanidade.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Brey, María Luísa (1981): “*Ilustrisma*. Un obispo de carne y hueso”, *Vida Nueva* 26/1586-28/1588.
- (1998): *O intelectual galego e Deus*. Vigo: Sept.
- Calvo, Tucho (2003): *Carlos Casares. O conto da vida*. A Coruña: La Voz de Galicia.
- Carro, Xavier (2017): “Unha luciña na escuridade: radiografía espiritual de Carlos Casares”, *Encrucillada* 202, 35-51.

6 É curioso como sobre este tema volve no interesante ensaio “O corpo espido” (Casares 1998: 185-194).

- Casares, Carlos (1998): *Un país de palabras*. Vigo: Galaxia.
- (2002): “Unha visión dos vintecinco anos de *Encrucillada*”, *Encrucillada* 128, 41-55.
- Gurriarán, Ricardo (2017): “Carlos Casares. III. Entre a espiritualidade cristiá, o marxismo e o galeguismo. A amizade con Piñeiro e a misión na «Serra Mestra» ourensá”, *Grial* 215, 125-133.
- Moeller, Charles (1961): *Literatura del siglo XX y cristianismo. II. La fe en Jesucristo: Jean-Paul Sartre, Henry James, Reger Martin du Gard, Joseph Malégué*. Madrid: Gredos.
- Monteagudo, Henrique (2017): *Carlos Casares. Un contador de historias*. Vigo: Galaxia.
- Pérez Prieto, Victorino (1994): *Galegos e cristiáns. Deus fratresque gallaeciae*. Vigo: Sept.
- Sartre, Jean-Paul (1964): *Les mots*. Paris: Gallimard.
- Taylor, Charles (2007): *A secular age*. Cambridge: Belknap Press of Harvard University Press. (Tradución ao castelán: *La era secular*. Barcelona: Gedisa, 2014-2015).
- Torres Queiruga, Andrés (1996): *Recupera-la creación. Por unha relixión humanizadora*. Vigo: Sept.